



# **DATOS METEOROLÓXICOS 2025**

## **RAIOS**



## ÍNDICE

|   |                                   |   |
|---|-----------------------------------|---|
| 1 | INTRODUCCIÓN.....                 | 2 |
| 2 | RAIOS REXISTRADOS EN 2025.....    | 3 |
| 3 | COMPARATIVA ANUAL DESDE 2011..... | 9 |

**Data edición: 26/03/2025**



## 1 INTRODUCCIÓN

MeteoGalicia conta, dende finais de 2009, cunha rede de detección de descargas eléctricas nube-terra que permite a monitorización de treboadas en tempo real. O sistema permite, tamén, estimar as posibles evolucións a moi curto prazo (*nowcasting*) destes fenómenos.


A rede está composta por catro detectores de raios, un en cada provincia da Comunidade, máis concretamente en Alto do Rodicio (Ourense), Castro Ribeiras de Lea (Lugo), Mabegondo (A Coruña) e Vigo Campus (Pontevedra).



A precisión media na localización dos raios nube-terra en Galicia é da orde de 500 m e ten unha capacidade de detección superior ao 90%.

Este sistema opera baixo unha norma de calidade ISO 9001. Para máis información consultar en <https://www.meteogalicia.gal/web/observacion/raios>

Neste informe, recóllense os datos do ano 2025 e faise unha comparativa desde o ano 2011, ano no que a rede comezou a traballar de forma completamente operativa.





## 2 RAIOS REXISTRADOS EN 2025

Durante o ano 2025, detectáronse sobre Galicia un total de 16076 raios distribuídos en 87 días, o que equivale a menos dun 1 % máis de raios que en 2024 (15950) e fai deste ano un dos anos con menor actividade eléctrica desde que comezaron os rexistros. O número medio anual de raios por día foi 185 (dos días con raios), fronte aos 204 do ano anterior.


A **Táboa 1** mostra a distribución, por meses, do número de días con raios, o número total de raios, o número de raios por día e as datas de ocorrencia.

| Mes          | Nº Días   | Nº Raios     | Nº Raios/Día | Día do mes con actividade eléctrica |    |    |    |    |    |    |    |    |    |    |    |    |
|--------------|-----------|--------------|--------------|-------------------------------------|----|----|----|----|----|----|----|----|----|----|----|----|
| Xan          | 9         | 2143         | 238          | 5                                   | 6  | 8  | 21 | 25 | 26 | 27 | 28 | 29 |    |    |    |    |
| Feb          | 4         | 32           | 8            | 6                                   | 7  | 10 | 21 |    |    |    |    |    |    |    |    |    |
| Mar          | 8         | 30           | 4            | 5                                   | 7  | 8  | 9  | 11 | 14 | 20 | 21 |    |    |    |    |    |
| Abr          | 10        | 2273         | 227          | 2                                   | 4  | 10 | 11 | 14 | 15 | 16 | 18 | 19 | 30 |    |    |    |
| Mai          | 13        | 5882         | 452          | 2                                   | 3  | 4  | 8  | 9  | 10 | 11 | 12 | 15 | 18 | 19 | 29 | 30 |
| Xun          | 9         | 3295         | 366          | 10                                  | 11 | 19 | 20 | 23 | 24 | 25 | 29 | 30 |    |    |    |    |
| Xul          | 6         | 1676         | 279          | 1                                   | 3  | 4  | 5  | 11 | 18 |    |    |    |    |    |    |    |
| Ago          | 5         | 55           | 11           | 8                                   | 10 | 13 | 16 | 31 |    |    |    |    |    |    |    |    |
| Set          | 4         | 37           | 9            | 19                                  | 20 | 21 | 27 |    |    |    |    |    |    |    |    |    |
| Out          | 6         | 57           | 10           | 9                                   | 13 | 14 | 16 | 21 | 31 |    |    |    |    |    |    |    |
| Nov          | 7         | 386          | 55           | 4                                   | 5  | 6  | 7  | 14 | 15 | 16 |    |    |    |    |    |    |
| Dec          | 6         | 210          | 35           | 2                                   | 4  | 10 | 20 | 21 | 22 |    |    |    |    |    |    |    |
| <b>TOTAL</b> | <b>87</b> | <b>16076</b> | <b>185</b>   |                                     |    |    |    |    |    |    |    |    |    |    |    |    |

A **Táboa 2** mostra que, deses 16076 raios, un 35 % (5664) corresponde a raios positivos (orixínanse na parte superior da nube) e o restante 65 % (10412) a raios negativos (parte inferior da nube). A maior porcentaxe tanto de raios positivos como negativos acadouse no mes de maio, cun 10 % e un 26 %, respectivamente, respecto do total anual en cada grupo.


| MES      | Nº RAIOS +  | PORCENTAXE | Nº RAIOS -   | PORCENTAXE |
|----------|-------------|------------|--------------|------------|
| xaneiro  | 1327        | 8%         | 816          | 5%         |
| febreiro | 3           | 0%         | 29           | 0%         |
| marzo    | 9           | 0%         | 21           | 0%         |
| abril    | 384         | 2%         | 1889         | 12%        |
| maio     | 1655        | 10%        | 4227         | 26%        |
| xuño     | 1252        | 8%         | 2043         | 13%        |
| xullo    | 668         | 4%         | 1008         | 6%         |
| agosto   | 15          | 0%         | 40           | 0%         |
| setembro | 1           | 0%         | 36           | 0%         |
| outubro  | 16          | 0%         | 41           | 0%         |
| novembro | 223         | 1%         | 163          | 1%         |
| decembro | 111         | 1%         | 99           | 1%         |
|          | <b>5664</b> | <b>35%</b> | <b>10412</b> | <b>65%</b> |

Na **Figura 1**, móstrase o número de raios por mes en Galicia. Destaca maio, con 5882, o que equivale ao 37 % do total anual, seguido polos meses de xuño e abril, con 3295 e 2273 raios, respectivamente. Aínda así, cabe destacar que xaneiro de 2025 foi, cun total de 2143 descargas eléctricas, claramente, o mes de xaneiro con máis raios desde que se teñen rexistros.




**Figura 2: Número de raios por mes no ano 2025 en Galicia.**

A **Figura 2** presenta información sobre o número total de días nos que se rexistraron raios cada mes do ano 2025. Maio, con 13 días, foi o mes cun maior número de días con raios, seguido polos meses de abril, con 10, e xaneiro e xuño, con 9.




**Figura 1: Número de días con raios por mes no ano 2025 en Galicia.**

Como se pode ver na **Figura 3**, no ano 2025, o día con maior número de raios detectados foi o 18 de maio. A rede detectou ese día un total de 3930 raios, dos cales 2058 caeron sobre Galicia. É dicir, nun só día, caeu case un 13 % do total anual.



**Figura 3: Día do ano con maior número de raios detectados na Comunidade galega desde 2011.**

Na **Figura 4**, móstrase o mapa de raios dese día e a configuración sinóptica que provocou a ocorrencia dunha alta actividade eléctrica: Galicia atopábase baixo a influencia dunha área de baixas presións en superficie acompañada, ademais, por unha depresión en altura moi preto, ao oeste da península Ibérica. Todo isto nunha época do ano na que, en capas baixas, as masas de aire son xa relativamente cálidas, o que provoca unha elevada inestabilidade atmosférica.



**Figura 4: Raios detectados e situación sinóptica na xornada do 18 de maio de 2025.**

A **Figura 5** amosa información sobre a distribución dos raios totais por provincias no ano 2025. Como se pode apreciar, a provincia de Lugo ocupa o primeiro lugar, con 7400 raios detectados, un 46 % do total de 2025, seguida pola provincia da Coruña, con 4626, un 29 % do total. As provincias de Pontevedra e de Ourense teñen un número total e unha porcentaxe similar, 2275, un 14 %, e 1775, un 11 %, respectivamente.





Figura 5: número total de raios por provincia en 2025.




Na **Figura 6**, móstrase a distribución, por concello, do número total de días nos que se rexistraron raios nube-terra. Adoitan a ser as zonas de interior e, especialmente, as comarcas montañosas, as que solen rexistrar un maior número de días con raios. Así, na provincia da Coruña, os Concellos con maior número de días con raios foron *As Pontes de García Rodríguez*, na Comarca de Eume, e *Zas*, na Comarca de Terra de Soneira, con 13 días. Na provincia de Lugo, os Concellos de *Láncara*, na Comarca de Sarria, con 14 días, e *Antas de Ulla*, na Comarca de Ulloa, con 12. Na provincia de Ourense, os Concellos de *Viana do Bolo*, na Comarca de Viana, con 11 días, e *O Irixo*, na Comarca do Carballiño, con 10. E, finalmente, na provincia de Pontevedra, os Concellos de *Agolada* e *Lalín*, na comarca do Deza, con 15 días cada un.



**Figura 6. Número de días con raios por concello en 2025.**



Tendo en conta o número de raios rexistrados en cada concello e a súa superficie, preséntanse, no mapa da **Figura 7**, a densidade da actividade eléctrica en raios/km<sup>2</sup>. Na provincia da Coruña, os concellos con maior densidade foron *A Baña*, na Comarca de Barcala, e *Santiso*, nas Terras de Melide, con 1.9 e 1.8 raios/km<sup>2</sup>, respectivamente. Na provincia de Lugo, destacan os Concellos de *Triacastela*, na Serra do Oribio, con 2.6 raios/km<sup>2</sup>, e *Rábade*, na Terra Chá, e *Láncara*, na Comarca de Sarria, con 1.9 raios/km<sup>2</sup>. Na provincia de Ourense, os Concellos con maior densidade de raios son os de *San Cristovo de Cea* e *Vilamarín*, ámbolos dous situados na zona meridional da Serra do Faro, con 1.5 e 1.1 raios/km<sup>2</sup>, respectivamente. E, por último, na provincia de Pontevedra, os Concellos de *Rodeiro* e *Agolada*, nas Serras do Faro e do Farelo, na Comarca do Deza, con 1.1 raios/km<sup>2</sup>.




**Figura 7. Densidade de raios en cada Concello (raios/km<sup>2</sup>) en 2025.**

### 3 COMPARATIVA ANUAL DESDE 2011

A **Figura 8** recolle información sobre a cantidade total de raios detectados por ano en Galicia desde 2011. A cifra total de raios en Galicia ascende a 369835, o que da un valor medio nestes quince anos de 24656 raios/ano.

Como se pode extraer do gráfico, este ano 2025 é o sexto ano con menos descargas eléctricas, 16076, contra as 47937 que se rexistraron no ano 2017 ou as 47099 do ano 2023. No ano 2012, a rede rexistrou 11943 raios sobre Galicia, sendo este un valor moi inferior ó rexistrado no ano 2011, 24190. En 2013, esta cifra seguiu baixando ata un valor de 10367 raios. Sen embargo, 2014 foi un ano con máis raios rexistrados, 35376 – un 43 % por riba da media. En 2015 houbo un total de 14220 raios rexistrados, un 42 % menos que o valor medio destes quince anos. No ano 2016, a cifra ascende ata os 20283. No 2018, rexistráronse 40061 raios, un 62 % por riba da media destes quince anos, quedando terceiro na serie. No 2019, 15801, un 36 % inferior á media. En 2020 superouse esta cifra con 20141 raios rexistrados, un 18 % inferior á media, semellante a 2016. En 2021, rexistráronse 22047 raios, un 11 % inferior ao valor medio, pero superior ao ano anterior. Por último, en 2022, rexistráronse 28344 raios, un 15 % por riba da media dos últimos quince anos, mentres que en 2024 e 2025, con 15950 e 16076 raios, respectivamente, a porcentaxe foi similar, un 35 % inferior á media climática.



**Figura 8: Número total anual de raios en Galicia de 2011 a 2025.**

A **Figura 9** representa o número total de raios rexistrados e a porcentaxe con respecto ao total en cada provincia desde que comezou a serie de datos no ano 2011. Segundo os datos da gráfica, pódese concluír que é, principalmente, no interior da provincia de Lugo, con máis de 150000, un 42 % do total, e na provincia de Ourense, con case 100000, onde caen a meirande parte das descargas eléctricas.




Figura 9: número total de raios por provincia desde 2011.

Mentres que a **Figura 10** mostra o total de raios detectados por provincia en cada un destes últimos quince anos.





Figura 10: Número total anual de raios por provincia de 2011 a 2025.

Na **Figura 11**, pódese ver a evolución do número de raios por mes desde xaneiro de 2011 a decembro de 2025. Obsérvase cómo a meirande parte dos raios se rexistran entre os meses de maio e setembro, con algunha pequena excepción.

A cifra de 10000 raios mensuais foi superada 10 veces nestes quince anos: maio do 2011, xuño e setembro de 2014, maio e agosto do 2017, xuño e setembro de 2018 e maio, xuño e setembro do ano 2024.

O ano 2024 é o ano co número máximo de raios mensual máis baixo, 4146 en xuño. Pola contra, o récord de descargas eléctricas nun mes teno maio de 2017, con 23612 raios, mentres que a segunda posición está ocupada, tamén, por un mes de maio, pero de 2023, cunha cifra moito máis baixa ca anterior, 16640. Lémbrese que, cun total de 2143 descargas eléctricas, claramente, xaneiro de 2025 e o mes de xaneiro con máis raios desde que se teñen rexistros.




**Figura 11: Número total de raios mes a mes en Galicia desde xaneiro de 2011 a decembro de 2025.**



Na **Figura 12**, pódese ver o número total de raios rexistrados cada mes desde que comezaron a tomarse datos en 2011, ano no que a rede comezou a traballar de forma completamente operativa. Obsérvase cómo a tempada de treboadas comeza, timidamente, en abril e abarca ata o mes de setembro, caendo a cifra de xeito abrupto xa en outubro. Xullo, maio e xuño, por este orde, son os meses con maior número de raios.


### Total raios por mes en Galicia desde 2011



**Figura 12: Número de raios rexistrados cada mes de 2011 a 2025.**

Pola súa banda, a **Figura 13** representa o número total de días con raios rexistrados cada mes desde que se toman datos. Neste caso, nos meses de marzo a xuño supéranse os 100 días con raios.

### Total nº días con raios por mes en Galicia desde 2011




**Figura 13: Número de días con raios por mes de 2011 a 2025.**

Así, na **Figura 14**, preséntanse:

- en columnas de cor vermella, a media mensual de raios por día, calculada como o número total de raios mensuais dividido entre o número total de días con raios para cada mes durante os quince anos da serie de datos;
- nunha liña continua de cor negra, a media mensual do número de días con raios, calculada dividindo, para cada mes, o número de días con raios entre os quince anos da serie de datos.

Deste xeito, apréciase que os meses de maio a setembro son os que teñen, de media, un maior número de raios por día, sendo xullo o que encabeza a lista, con 665 raios/día. No caso de abril, aínda que o número de días con raios é alto, a media mensual de raios por día, 169, é baixa en comparación co mes de maio, 480. O mes ocorre co mes de marzo, que ten moitos días con raios - 117, **Figura 13** - pero poucos raios totais - 6700, **Figura 12**. Así, a media mensual é moi baixa, con 57 raios/día.

En canto á media mensual do número de días con raios, son os meses de abril e maio os de maior número medio de días con raios rexistrados, con 9 e 8 días, respectivamente, e decembro, con menos de 4 días con raios, o mes cun menor número.




**Figura 14: Media mensual de raios/día e de número de días con raios de 2011 a 2025.**



Para rematar, móstrase, de novo, na **Figura 15**, para cada ano da serie, a data cun maior número de raios. Estas datas van, en xeral, desde finais de maio ata mediados de setembro. O máximo da serie rexistrouse o 26 de maio do 2017, cando caeron en Galicia 9562 raios, seguido polo 23 de xuño de 2024, con case 9400 raios. Pola contra, o día cun menor número de raios dentro deste grupo de días con máis raios ocorreu o 13 de xullo de 2011, cando se contabilizaron 1611 descargas eléctricas.

O máximo deste ano 2025 foron os 2058 raios detectados o 18 de maio de xuño, unha cifra algo inferior á acadada o día 31 de maio de 2015, cando se rexistraron 2506.



**Figura 15: Número máximo de raios detectados nun día para cada ano da serie desde 2011.**